NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/43/2014	CONZI03U	
153F1V01096E626K12AJ		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "C" QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DA XESTIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS INFANTÍS DE PIÑEIROS, SOLAINA E GÁNDARA.

Presidente: D. José Manuel Blanco Suárez, Alcalde-Presidente.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental.
Dna. Yolanda Martínez García (Xefa Accidental do Servizo Sociocomunitario)

Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección de Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta do informe técnico
- Apertura do sobre C: Oferta económica

De conformidade co establecido na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiu unha representante da fundación FESAN.

Sendo as 12:00 horas do día 27 de febreiro de 2015, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a comunicación da puntuación acordada para a documentación contida no sobre "B" de Documentación Técnica de Criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor, e para apertura dos sobres "C" relativos á Oferta Económica das empresas admitidas á licitación.

Antes de proceder á apertura dos sobres da Oferta Económica, o secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe técnico de valoración do sobre "B" de Referencias Técnicas, ratificado por esta Mesa de Contratación e que resulta:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Empresa	Proxecto educativo	Actividades complementarias	Plan de xestión do centro	Total
Las Palmas	13	1	13	27
Fesan	16	5	15	36

Unha vez posta en coñecemento dos licitadores a puntuación obtida na valoración das Referencias técnicas, procédese á apertura dos sobres "C" relativos ás Ofertas Económicas:

OFERTA ECONÓMICA: Custo total proposto

Las Palmas: 1.041 euros
Fesan: 956 euros

MELLORAS

MEDIOS MATERIAIS QUE ACHEGA A EMPRESA

Las Palmas: 4.408,00 euros
Fesan: 18.819,90 euros

PROXECTO DE INICIACIÓN AO INGLÉS

Las Palmas: 5 horas semanais
Fesan: 1.560 horas curso

PROXECTO DE INICIACIÓN Á INFORMÁTICA E NOVAS TECNOLOXÍAS

Las Palmas: 5 horas semanais
Fesan: 780 horas curso

CALIDADE HOMOLOGADA

Fesan: Iso 9001-2008 e Iso 14001-2004

OUTRAS MELLORAS

Las Palmas:

- Ludoteca familiar
- Unha APP para móbiles que ofreza avisos, taboleiro de anuncios e axenda ás familias
- Obradoiros de nutrición saudable
- Formación específica para alerxias e intolerancias en nutrición infantil
- Protocolo para detección e tratamento de nenos con problemas nutricionais de alerxias e intolerancias.
- Programa de asesoramento ON-LINE cunha Psicopedagoga
- Asesoramento e formación pedagóxica ao equipo educativo.
- Mobiliario.
- Obradoiros de educación para a igualdade
- Saídas didácticas fora da escola
- Plan de igualdade e conciliación familiar da empresa.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Fesan:

Charlas e conferencias sobre:

- Relacións familiares/participación das familias/información ás familias 396 horas
- Hábitos saudables – 12 horas
- Nutrición – 12 horas
- Asesoramento Psicopedagóxico – 72 horas
- Recursos a achegar a escola – 156 horas
- Educación para a igualdade – 72 horas
- Intervención con nenos/as con dificultades especiais 72 horas
- Achegamento dos nenos/as ao mundo social e cultural da súa contorna – 144 horas.
- Conciliación da vida familiar e laboral do persoal – 72 horas

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12:12 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es